

Castelo celebra a volta da actividade deportiva ao Xalo

- A Nocturna do Xalo reuniu onte a medio milleiro de deportistas na terceira edición dunha proba na que se impuxeron Miguel Vázquez na categoría masculina e Belén Otero na feminina.
- Ao redor dun cento de voluntarias e voluntarios da asociación Castelo Deporte coidaron de que a proba se desenvolvese con todas as garantías de seguridade.
- A actividade deste sábado tivo un carácter solidario, coa doazón de case cincocentos euros a favor da Fundación Mari Paz Jiménez, que loita contra o sarcoma, un descoñecido tipo de cancro.



Castelo (Culleredo), 20 de novembro de 2021

Castelo recibiu este sábado a case cincocentas persoas na volta dos eventos deportivos ao Monte Xalo logo de dous anos. Foi na terceira edición da Nocturna do Xalo, que en dobre modalidade -carreira e andaina-, permitiu aos inscritos percorrer 12,8 e 8,5 quilómetros respectivamente

Castelo - Folgueira
15139 Culleredo (A Coruña)

ola@castelodeporte.gal

castelodeporte.gal

En pouco máis dunha hora completou o percorrido o primeiro clasificado da carreira, Miguel Vázquez, segundo polo veciño de Castelo, Toño Cadaveira, segundo clasificado, e Bruno Cardamas que completou o podio. Na categoría feminina Belén Otero foi a primeira clasificada, seguida de Elia Rodríguez e Araceli Grandío.

Os concelleiros de Deportes e Festas do Concello de Culleredo, Miguel Suárez e Juan Carlos Lobelle, participaron na entrega de trofeos que se celebrou á noite na polideportiva de Castelo.

[Máis información, entrevistas e material gráfico](#)

Saúl Rivas

696 798 094 / comunicacion@castelodeporte.gal